


INFORME DE REVISIÓN DEL SISTEMA POR LA DIRECCIÓN

Curso 2014/2015

R1-DE-03 P1



**Informe de revisión do sistema pola
Dirección
(Informe de resultados anual do centro)**

Data da reunión: 31/03/2016 (Comisión de Calidade)
06/04/2016 (Xunta de Facultade)

Índice de contidos

1. Introducción	2
2. Seguimento da(s) revisión(s) anterior(es).....	4
3. Política e obxectivos de calidade	4
4. Indicadores de resultados dos procesos e programas de calidade	5
5. Resultados de avaliacións e auditorías internas e externas	5
6. Retroalimentación dos grupos de interese	6
7. Estado das accións correctivas e preventivas.....	6
8. Seguimento e control da estratexia	7

I. ANTECEDENTES

1. Introducción

➤ Presentación

O obxectivo desta xuntanza é a elaboración do Informe de revisión pola Dirección (DE-03 P1), procedemento que substitúe o ata o de agora vixente Informe Anual de Resultados do centro (PM01), e a súa finalidade consiste en realizar a revisión do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) da facultade de Historia e dos seus títulos académicos. Tamén se pretende analizar o sistema de xestión da Calidade para comprobar o seu grao de adecuación e eficacia e analizar, se procede, a actualización da política e obxectivos de Calidade. Sendo conscientes de que a novidade supoñía a dificultade da propia elaboración e redacción polo grupo, a coordinación de Calidade do centro optou por presentar un borrador inicial como punto de partida (documento base) do traballo a realizar que se debateu na Comisión de Calidade. O listado dos participantes nesta xuntanza anéxase á plataforma do procedemento en cuestión (Anexo1).

➤ Información sobre o estado de situación xeral do sistema de garantía / xestión de calidade

Na actualidade o sistema de Calidade da facultade de Historia está no proceso avanzado de adaptación do novo Manual de Calidade (MC) e dos novos procesos derivados da reformulación do SGIC implantado a partir do Programa Fides-Audit (2009-2010). Tanto o MC (onde se inclúen os obxectivos e política de Calidade), como os novos procedementos fóronse adaptando e aplicando progresivamente á Facultade de Historia ao tempo que se constituíu a nova Comisión de Calidade, encargada de debater e subscribir a aplicación dos procedementos. O MC e os Procedementos foron avaliados e aprobados pola Comisión de Calidade o 11 de febreiro de 2015 e pola Xunta de Facultade o 13 de febreiro do mesmo ano. Inmediatamente, logo da súa aprobación, foron feitos públicos a través de web da Facultade (Anexo 2).

Dun xeito periódico e seguindo as doadas indicacións da Axenda Básica (ferramenta de axuda) que inclúe un Cronograma Xeral de actividades a desenvolver no eido da Calidade, os procedementos vanse aplicando e cando procede, actualizando co asesoramento continuado dos/as técnicos/as e

dirección da Área de Calidade, coa colaboración da Comisión de Calidade e a aprobación da Xunta de Facultade.

No curso 2014-2015 a Comisión reuniuse 6 veces, cunha periodicidade media de cada sete semanas debatendo os asuntos relacionados coa Calidade e concluíndo propostas que posteriormente foron revisadas e aprobadas pola Xunta de Facultade.

➤ Cambios organizativos que poden afectar ao funcionamento en materia de calidade

Na Facultade de Historia existen os seguintes mecanismos de xestión: En relación estritamente coa Calidade, a Comisión de Garantía Interna de Calidade constituíse en sesión do 14 de maio de 2009 e foi nomeada na Xunta de Centro o 11 de maio do mesmo ano e estaba integrada por axentes externos e representantes de todos os sectores do centro. Con diversas remodelacións nos seus membros, mantense vixente ata o ano 2015 no que pasa a se denominar Comisión de Calidade. Un destes cambios veu derivado da elección do novo equipo decanal (pasando a nova decana a presidir a Comisión); outros tiveron a súa orixe na incorporación dun docente que colabora especificamente nas tarefas de calidade, na renovación dos representantes de estudantes e do acordo de integrar á directora do Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a coordinadora dos mestrados vinculados ao centro (Todos estes cambios constan na Acta da Xunta Ordinaria de Centro do 13/02/2015, que anexamos á plataforma). Neste organismo se debaten, revisan e xeran novas propostas relacionadas con todos os aspectos da Calidade do Centro (procedementos, resultados, actuacións...).

Progresivamente esta Comisión vai tomando unha maior relevancia, manifestándose máis operativa e activa. O seguinte obxectivo será a elaboración dun plan estratéxico do centro.

Un segundo órgano con carácter decisorio é a Xunta de Centro que no noso caso se equipara a Xunta de Titulación, pola coincidencia de que ofertamos un único título de Grao. Respecto á calidade, nesta Xunta se debaten e, de ser o caso, se aproban as propostas procedentes da Comisión de Calidade, así como determinados procesos de relevo no funcionamento do centro. Esta circunstancia constátase a partir de que os asuntos da Calidade se vinculan directamente cos Centros. Para dotar a Comisión de Calidade de certas competencias e capacidade decisoria, foi preciso introducir cambios no Regulamento de Réxime Interno do centro, que foi debatido e aprobado de novo na Xunta de Centro do 13 de febreiro de 2015.

Dada a especificidade das dúas materias de Prácticas Externas e Tralaballo de Fin de Grao, existen dúas Comisións respectivas que velan polo mantemento Calidade. Froito da elección do novo equipo decanal, ambas as dúas Comisións mudaron no curso 2014-15 a súa constitución para integrar a nova decana, tal e como se recolle nos respectivos regulamentos; así mesmo, indícase neses documentos que o representante de estudantes debe estar cursando 4.º, polo que tamén se procedeu á súa renovación automática no inicio do curso académico.

En todas estas cuestións se recibe o asesoramento e apoio da Área de Calidade da UVigo, coa que se mantén un contacto constante.

No campo da oferta formativa constátanse os seguintes cambios froito da continua mellora aplicada á Calidade dos títulos implantados no centro.

- Grao de Xeografía e Historia: no ano 2014-15 comeza a poñerse en práctica a remodelación deste grao resultado da experiencia precedente, dos informes de seguimento, das enquisas de satisfacción e da necesidade de desenvolver un plan de viabilidade. A principal novidade consistiu na oferta dunha modalidade semipresencial, xunto coa presencial. Esta iniciativa supuxo a revisión da metodoloxía docente e conseguinte preparación do profesorado na maior aplicación das TICs, así como a reforma e mellora das Guías e planificación da docencia. No curso 2013-14 adecuáronse todas as Guías docentes relativas as materias do plan novo (1º e 2º curso) incluíndo as condicións derivadas da semipresencialidade; o seguinte paso será a adaptación do procedemento DO-0102 P1 (Seguimento e mellora das titulacións).

- Extinción do Máster en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais e implantación do Máster Intercentros (coa Escola de Enxeñaría de Minas e a Escola Superior de Conservación e Restauración de bens culturais de Galicia) en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural na modalidade semipresencial no curso 2014-2015.

- Implantación do Máster Interuniversitario (coordinado pola USC) en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade no curso 2014-15.

- Implantación do Programa de Doutoramento Protección do Patrimonio Cultural a partir do curso 2015-2016.

➤ Estado da documentación de calidade

- Manual de calidade e procedementos: cambios desde la última revisión

A Área de Calidade da UVigo desenvolveu, en colaboración coas coordinacións dos centros, un novo Manual de Garantía de Calidade, así como unha simplificación dos Procesos. A Facultade de Historia, xunto coa Comisión de Calidade e Xunta do Centro foi, dun xeito progresivo, adaptándoos á realidade e as circunstancias propias. Esta simplificación supuxo unha axuda á aplicación práctica da Calidade que reverteu beneficiosamente no noso centro. Dada a novidade destas reformas e a aplicación axeitada non se considera necesaria a proposta de cambios, nin melloras.

- Rexistros de calidade: situación xeneral

Na facultade de Historia existen dous tipos de rexistros relacionados coa Calidade que se corresponden co procedemento XD-02P1 (Control de Rexistros), un en formato papel e outro dixital. Nestes rexistros inclúense o MC, os procedementos e as actas da Comisión de Calidade e as específicas da Xunta de Centro. Os documentos en papel están no seu correspondente ficheiro,

depositados na Secretaría do decanato. Pola súa banda, os dixitalizados están sendo organizados sistematicamente no ordenador da Secretaría do decanato. Ademais esta información é publica e facilmente accesible na web do centro, salvo as actas que terán esta condición a partir do curso 2015-16. Non se considera necesario a proposta de melloras relacionadas con este procedemento, xa que entendemos que cubre as necesidades xeradas.

II. DATOS E REVISIÓN DOS RESULTADOS

2. Seguimento da(s) revisión(s) anterior(es)

➤ Estado de las acciones del plan de mejora del centro / ámbito

No rexistro (R1) relativo ao Informe de Revisión do Sistema pola Dirección (DE 03) está subido á plataforma os PAM correspondentes aos cursos 2011-2012, 2012-2013, 2013-14 e 2014-15 nun mesmo documento en formato excell que inclúe non so as accións de mellora propostas neses cursos, senón tamén o seu grao de realización. Neses catro cursos recóllense un total de 70 propostas, das cales 20 se corresponden co curso 11-12, 15 co 12-13, outras 15 máis co 13-14 e 20 co 14-15; consideramos que esta media por curso resulta operativa e abrangue todos os aspectos vinculados á Calidade. A maioría das accións realízanse nos prazos previstos, de feito, sen contar o 14-15 que se están implementando no 15-16 (cun 40% xa executadas), o total de accións finalizadas en prazos previstos ascende a 39 (sobre 50), 6 están realizadas parcialmente e 5 pendentes. Das realizadas parcialmente, a maioría están relacionadas co SIGC e nelas vaise apreciando unha mellora paulatina sen que os resultados sexan completamente satisfactorios, polo que se inclúen de novo no PAM do curso seguinte; como exemplos podemos citar: o incremento da participación nas enquisas de satisfacción (o cal nos permitiu acadar un índice moi elevado no 14-15), a maior operatividade da Comisión de Calidade no presente curso e a implicación dos membros da comunidade do centro nas cuestións de Calidade. Esta información será pública na web, cando se finalice o proceso da súa renovación (ANEXO 3).

3. Política e obxectivos de calidade

Ata o momento a Facultade de Historia non considerou prioritaria a elaboración dun Plan Estratéxico, xa que o seu obxectivo prioritario é a posta en marcha con regularidade do Sistema Interno de Garantía de Calidade.

➤ Política e Obxectivos de calidade

No rexistro (R1) relativo ao Informe de Revisión do Sistema pola Dirección (DE 03) está subido á plataforma o documento adxunto ao Manual de Calidade, denominado “Política e Obxectivos de Calidade do Centro” que foi aprobado pola Comisión de Calidade o 12 de febreiro de 2015 e na Xunta de Centro o 13 de febreiro de 2015 (ANEXOS 4 e 5 respectivamente). Consideramos que a Política de Calidade vixente é axeitada dende esta última modificación, polo que se decidiu mantela no actual curso 2015-2016, do mesmo xeito que os obxectivos de Calidade. Nas seguintes táboas recóllense os valores fixados como meta, xunto cos acadados, facendo referencia a cada un dos indicadores, que nos permitirá realizar unha valoración dos mesmos.

A. Grao en Xeografía e Historia

<i>Procesos/ Procedementos</i>	<i>Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)</i>	<i>Meta Prevista (2014-15)</i>	<i>Meta Acadada (2014-15)</i>	<i>Meta Proposta (2015-16)</i>	
AC- Xestión académica <i>PC04 Selección-admisión e matriculación de estudantes</i>	Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico	145	147	150	
	Ocupación da titulación	88%	66,67%	75%	
	Preferencia	88%	66,67%	75%	
	Adecuación	95%	93,33%	95%	
DO- Docencia <i>DO-202 Promoción das titulacións</i>	Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	85,7%	83%	83.5% (4,17/5)	
		Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	71,4%	70,4%	71% (3,6/5)
	Duración media dos estudos	–	–	–	
	Taxa de rendemento	73,5%	69,47%	72%	
	Taxa de abandono	15%	7,12%	10%	
	Taxa de eficiencia	93%	91,94%	92%	
	Taxa de graduación	45%	26,19%	40%	
	Taxa de éxito	90%	90,81%	90%	
	DO- Docencia <i>D01- Xestión dos programas formativos</i>	Seguimento das Titulacións	100%	100%	100%
		Acreditación das Titulacións	–	–	50%
MC- Xestión da Calidade e Mellora Continua <i>MC05 Satisfacción das</i>	Grao de satisfacción do profesorado	80%	82,4%	83%	
	Grao de satisfacción do				

<i>usuarias e usuarios</i>	alumnado	71,4%	75%	75%
----------------------------	----------	-------	-----	-----

B. Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

<i>Procesos/ Procedementos</i>	<i>Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)</i>	<i>Meta Prevista (2014-15)</i>	<i>Meta Acadada (2014-15)</i>	<i>Meta Proposta (2015-16)</i>
AC- Xestión académica <i>PC04 Selección-admisión e matriculación de estudantes</i> DO- Docencia <i>DO-202 Promoción das titulacións</i>	Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico	–	21	21
	Ocupación da titulación	–	105%	105%
	Preferencia	–	125%	200%
	Adecuación	–	85,71%	100%
DO- Docencia <i>DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza</i>	Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	–	68,42%	70%
	Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	–	80% (4/5)	80%
	Duración media dos estudos	–	–	–
	Taxa de rendemento	–	67,46%	68%
	Taxa de abandono	–	–	25%
	Taxa de eficiencia	–	100%	100%
	Taxa de graduación	–	42,86%	50%
Taxa de éxito	–	91,51%	92%	
DO- Docencia <i>D01- Xestión dos programas formativos</i>	Seguimento das Titulacións	100%	100%	100%
MC- Xestión da Calidade e Mellora Continua <i>MC05 Satisfacción das usuarias e usuarios</i>	Grao de satisfacción do profesorado	–	80% (4/5)	80% (4/5)
	Grao de satisfacción do alumnado	–	66,4% (3,32/5)	70% (3,5/5)

Os obxectivos relacionados cos procesos relativos á Xestión académica (PC04) e de Docencia (DO-202) permiten constatar unha tendencia lixeiramente positiva sobre a meta relativa ao número de estudantes matriculados no curso académico 2014-2015 (acádase a meta de 145 estudantes nos estudantes do grao, aos que compre sumar outros 37 procedentes dos estudos de máster). Non obstante, tanto na ocupación da titulación como na preferencia non se acadaron as metas previstas, situándose en ambos os dous parámetros nun 66,67% no grao, 22 puntos por debaixo. No ítem da adecuación o valor é de 93,33%, so 2 puntos por debaixo da meta fixada. Pensamos que esta realidade pode ser relacionada co número escaso de estudantes matriculados na primeira convocatoria, fronte aos que o fixeron nas seguintes, mesmo na quinta, cando o curso xa estaba bastante avanzado. Tamén é posible que esta demora se relacione con que este grao non aparece como a opción preferente entre os estudantes de primeira

matrícula. Pola súa banda, a nota media necesaria para acceder mantense en 5 para os estudantes de grao.

O obxectivo marcado no procedemento DO-0201 sitúanos nunha posición dun optimismo moderado en relación coas metas previstas. No relativo á mellora da planificación e desenvolvemento da titulación, un aspecto positivo foi o incremento do número de estudantes nas enquisas de satisfacción tanto no profesorado (91,67% fronte ao 46,15% do curso pasado) coma no alumnado (o 53,6% fronte ao 22,7% do curso pasado). Os resultados foron moi bos: O índice de satisfacción acadou un 71,4%, ocupando o primeiro posto neste senso na Universidade de Vigo. Segundo se desprende das mencionadas enquisas, a meta referida á satisfacción do alumnado foi superada (pásase do 71,4% -5 sobre 7- ao 75% -3,75 sobre 5-), mentres que o grao de satisfacción do profesorado situouse 3 puntos por debaixo da meta prevista (de 85,7% -6 sobre 7- acádase o 82,4% -4,12 sobre 5) (ANEXO_6).

En relación cos resultados académicos do Grao debemos falar dunha situación de equilibrio, no sentido de que algúns valores se sitúan por debaixo da meta fixada e outros evidencian unha mellora das mesmas. No primeiro grupo están a taxa de rendemento -catro puntos por debaixo da meta-, a taxa de eficiencia -só un por debaixo- e a de gradación -doce puntos por debaixo-. Este último valor continúa sendo baixo (23,81%), se ben non se debe descartar a realidade dos graduados que acadan esta condición con demora e que contabilizan na súa promoción. O obxectivo é seguir con esta tendencia crecente e concienciar aos estudantes de que, aínda que o TFG é unha materia cuadrimestral, deben comezar a súa elaboración dende o inicio de curso. De feito seguimos a manter a meta fixada de acadar un 45%, sendo conscientes de que aínda non sendo idónea, mantén unha perspectiva realista. No curso 2014-2015 había un total de 29 estudantes matriculados/as na materia do TFG, dos cales presentáronse un total de 17, superando todos esta materia por riba da cualificación de notable. Polo tanto a taxa de éxito alcanzou o 100%; se ben a de rendemento, aínda que superando a meta proposta, situouse nun 58,62%. A vista destes datos é evidente que unha parte considerable do problema radica en que un número elevado de estudantes (41,37%) non se presentaron á materia, perdendo a oportunidade de se graduar. Esta mesma circunstancia é extrapolable a meirande parte das materias que integran o Grao prexudicando o conxunto da taxa de rendemento do título. Afirmación que se pode comprobar en contraste coa taxa de éxito que, tamén no resto das materias, por termo medio, resulta elevado. A intención é arbitrar algunha acción para determinar as posibles razóns deste índice tan elevado de non presentados.

No segundo grupo encádranse a taxa de éxito, onde se acadou a meta prevista que foi superada case nun punto (90,81%). Por vez primeira dende a implantación do grao, a taxa de abandono sitúase por debaixo do 10%, exactamente nun 7,14%, superando mesmo a metade do obxectivo previsto nun 15%. Consideramos moi satisfactorio este último resultado en relación cos obxectivos e o labor realizada (tal e como se amosa na táboa).

O plan de mellora en relación coa política de Calidade foi incluído no plan de melloras xenérico e subido ó procedemento da plataforma.

Como análise máis importante pódese afirmar que percibimos un certo avance nos obxectivos propostos en canto á efectividade da Comisión de Calidade e da transmisión dos diversos procesos á

comunidade do centro; aínda que se debe continuar avanzando nesta mesma liña, polo que se continúan marcando ambos aspectos no plan de melloras relativo á Calidade.

4. Indicadores dos resultados dos procesos e programas de calidade

➤ Resultados de desempeño

A. Grao en Xeografía e Historia

<i>Procesos/ Procedementos</i>	<i>Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)</i>	<i>2010- 11</i>	<i>2011-12</i>	<i>2012- 13</i>	<i>2013- 14</i>	<i>2014- 15</i>
AC- Xestión académica <i>PC04 Selección-admisión e matriculación de estudantes</i>	Nota media do acceso do estudiantado á titulación	7,35	6,38	6,54	6,96	6,28
DO-Docencia <i>DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza</i>	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado	–	–	32,14	23,16	35,84
DO-Docencia <i>DO-0204 Xestión das prácticas académicas externas</i>	Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas (*)	–	–	E: 4,7 T: 4,9	E: 4,4 T: 4,8	E: 4,8 T: 4,6
DO-Docencia <i>DO-0205 Xestión da mobilidade</i>	Alumnado intercambio (propios) Alumnado intercambio (alleos) (**)	8 E 2E	4E, 4S, 1P 7E	4E, 2P 2E, 1S	7E, 1P 1E	7E 3E
PE-Xestión de Persoal	Porcentaxe de PAS en programas de formación	28,57	34,88	100	68,89	91,11
	Cualificación do PDI	–	–	–	76,92	76,92
	Resultados de investigación de carácter académico				28	28

* E: Estudantes. T: Tutores Externos

**E= Erasmus, P= Propios e S= Sicúe

Neste apartado inclúense todos os indicadores que non figuran no epígrafe 3. Así mesmo, no que se refire ao Máster non os incluímos nunha taboa específica porque solo contamos cos datos do curso 2014-15, o que nos impide analizar a súa evolución¹.

Ao longo dos últimos cinco cursos, a nota media de acceso dos estudantes alcanzou un 6,7. Considérase que esta media resulta aceptable e presenta escasas fluctuacións que reflicten unha tendencia á estabilidade, se ben as maiores desviacións maniféstanse nos anos extremos da mostra.

O resultado da participación nas EAD resulta visiblemente escaso, cunha cifra que apenas se sitúa nun terzo do alumnado. Unha vez analizado este feito pola Comisión de Calidade, acórdase realizar un labor de concienciación aos posibles participantes, a través dos seus representantes, sobre a importancia da realización destas enquisas para que a análise dos resultados sexa máis representativa.

¹ Nota media do acceso do estudiantado á titulación: 3,89. Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado: 42,86. Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas: E: 4,3 e T: 4,8.

Os resultados da satisfacción das prácticas académicas externas, tanto dos titores externos como do alumnado, amosan unha valoración moi positiva da experiencia, alcanzando a media conxunta no grao para os cursos 2012-13, 2013-14 e 2014-15, un 4,76 sobre 5 para os titores e un 4,63 para o estudantado. Pola súa banda os resultados no Máster correspondentes ao curso 2014-15 sitúanse en 4,8 nos titores e 4,3 nos estudantes, valores tamén elevados (ANEXOS 10 e 11, grao e master respectivamente).

A media da mobilidade dos estudantes propios nos últimos cinco cursos é de 7,6, apreciándose un número máis elevado de acceso ás bolsas Erasmus e unha estabilidade nas Propias que teñen o seu destino en América Latina. As menos solicitadas son as Sicúe. Esta distribución probablemente estea relacionada coas axudas económicas, inexistentes na mobilidade entre universidades españolas. Se tomamos como referencia o curso 2014-2015, a porcentaxe de mobilidade no noso estudantado é dun 4,8%, unha cifra que consideramos satisfactoria. Por outra banda, o número de alleos resulta máis reducido, situándose a media dos últimos cinco cursos nun 3,2, sendo a procedencia máis habitual os países de Europa Oriental (República Checa, Polonia, Eslovenia); sen embargo, coincidindo coa tendencia dos propios, tamén as solicitudes de Sicúes alleos son practicamente inexistentes (ANEXOS 12, 13 e 14, Estudantes Erasmus alleos, Erasmus propios e Sicúe).

Da análise da participación do PAS en programas de formación dedúcese un incremento considerable a partir do curso 2012-13, situándose a porcentaxe dos tres últimos cursos nunha media de 86,6%, a todas luces elevada, indicado o interese do colectivo pola súa formación continúa. (ANEXO 15).

Os dous últimos indicadores da táboa refírense ao PDI, que alcanza una cualificación (relación en porcentaxe do número de doutores/as sobre o total) dun 77%, o 23% restante inclúe bolseiros predoutorais en formación (FPU, Xunta de Galicia e Universidade) (ANEXO 16). O número total de sexenios é de 28 repartidos entre o profesorado a tempo completo, xa que os que están contratados a tempo parcial non teñen formalmente recoñecido o seu labor investigador (ANEXO 17). Esta relación é satisfactoria e posiblemente experimentará un incremento nos vindeiros cursos.

➤ Resultados de aprendizaxe

Os diversos indicadores relativos a este apartado serán analizados en relación ao curso pasado, establecendo unha análise comparativa.

A información que ofrece UVIGODAT sobre a duración media dos estudos (I10-DO) resulta desconcertante xa que o valor obtido para os varóns é inferior ao número de cursos nos que se debe completar o grao (tanto no curso académico 2013/14 como no 2014/15), cuestión que imposibilita calquera consideración ao respecto; mentres que no caso das mulleres se manifesta unha correlación entre o número de cursos (4) es os anos empregados para a súa finalización.

Na taxa de rendemento (I11-DO) obsérvase un descenso de tres puntos (de 72,84 a 69,47); a tendencia

é dunha certa melloría entre os varóns e un destacado descenso (catorce puntos) entre as mulleres, sen que esta realidade teña que ver coa porcentaxe de estudantes non presentados/as, xa que neste curso esta experimentou o incremento dun punto con respecto ao curso anterior.

Na taxa de abandono (I12-DO) maniféstase un considerable descenso (de 19,05 a 7,14), sendo un elemento satisfactorio que mesmo supera aos obxectivos de Calidade, tal como xa indicamos no apartado anterior deste documento. Tamén neste apartado é posible observar diferencias entre os alumnos e as alumnas, dun xeito correlativo ao que sucede coa taxa de rendemento. Apréciase, así, un valor moito máis elevado no caso das mulleres que quintuplica aos homes, polo que o aludido descenso se relaciona directamente cos estudantes varóns, mentres que nas mulleres obsérvase un lixeiro incremento.

Na taxa de eficiencia (I13-DO) apréciase un lixeiro descenso de pouco máis de dous puntos (91,94 a 89,58) que neste caso afecta tanto a estudantes mulleres como a homes, se ben o descenso é lixeiramente superior nelas (algo máis de tres), fronte a eles (un punto escaso).

A taxa de gradación (I14-DO) sitúase nun 26,19%. Se ben supera as cifras das dúas primeiras cohortes nos seus respectivos cursos académicos, resulta evidente que se trata dun resultado bastante máis modesto da meta prevista, polo que debemos continuar neste tendencia ascendente.

Na taxa de éxito (I15-DO) produciuse un crecemento de dous puntos (88,81 fronte 90,81), apreciándose unha inversión dos valores entre os homes e as mulleres, xa que os primeiros crecen, mentres as segundas experimentan un lixeiro descenso. Sen dúbida o resultado é satisfactorio porque manifesta unha lixeira superación dentro dun nivel elevado.

Respecto o “tempo medio para atopar emprego” (I16-DO) non temos ese dato, a espera dos estudos que a Xunta de Galicia está a realizar sobre a inserción laboral do grao en Xeografía e Historia.

A modo de balance detectamos unha mellora positiva nos valores relativos ás diferentes taxas, algunha concordes coas metas previstas (eficiencia e éxito) e outras nas que, aínda que máis cerca das mesmas, hai que continuar traballando para achegar aos resultados previstos (rendemento). Así mesmo melloran as cifras de abandono cunha redución considerable, mentres as de gradación aínda seguen moi baixas en valores globais. As razóns destas últimas relaciónanse co feito de que un elevado número de estudantes non supera todas as materias por curso académico, chegando a cuarto con algunhas pendentas. A obriga de defender o TFG con todo superado, trae como consecuencia que nese cuarto curso se dediquen a superar as materias pendentas e non acaden a gradación. Por outra banda detéctase unha ausencia de planificación axeitada por parte do estudiantado con respecto á preparación do TFG que, tal e como figura na memoria, require unha dedicación persoal e continuada. Como medida a adoptar, xunto cas charlas informativas desta materia, a Biblioteca do Campus de Ourense en consonancia co equipo decanal, oferta por primeira vez no curso 2015-2016 un curso virtual, adaptado ao grao en Xeografía e Historia, sobre aspectos prácticos e formais da elaboración do TFG.

➤ Resultados de satisfacción dos grupos de interese

Como figura no apartado anterior rexistrouse un incremento do número de participantes nas enquisas de satisfacción tanto no profesorado (91,67% fronte ao 46,15% do curso pasado) coma no alumnado (53,6% fronte ao 22,7% do curso pasado). Os resultados foron moi bos: O índice de satisfacción acadou un 71,4%, ocupando o primeiro posto neste senso na Universidade de Vigo. Segundo se desprende das mencionadas enquisas, a meta referida á satisfacción do alumnado foi superada (pásase do 71,4% -5 sobre 7- ao 75% -3,75 sobre 5-), mentres que o grao de satisfacción do profesorado situouse 3 puntos por debaixo do curso anterior (de 85,7% -6 sobre 7- acádase o 82,4% -4,12 sobre 5), aínda que por riba da meta prevista (80%). As razóns desta baixada entre cursos está probablemente relacionada coa intensificación da docencia derivada da aplicación do decreto Wert e do descenso de recoñementos no POD.

➤ Resultados da inserción laboral

Para analizar este punto, tal e como comentamos anteriormente, estamos á espera dos estudos que a Xunta de Galicia está a realizar sobre a inserción laboral do grao en Xeografía e Historia. No presente curso elaboramos unha enquisa que diriximos vía mail a todos/as os/as egresados/as, na que se lles consultou sobre a súa situación laboral actual. As resposta foi moi limitada, polo que estase pensando en arbitrar outro mecanismo de consulta.

5. Resultados de avaliacións e auditorías internas y externas

➤ Resultados (de certificación, seguimento, acreditación...)

No momento actual o centro non pasou ningún proceso de acreditación, está previsto que o Grao en Xeografía e Historia sexa acreditado no curso 2017-2018; nas mesmas datas está previsto que o centro se someta ao proceso de Certificación do Sistema Interno de Garantía de Calidade. En relación con ambos obxectivos estase a realizar un importante traballo no eido da Calidade, tanto no que se refire a concienciación dos axentes implicados, como na activación da Comisión de Calidade.

Dende o ano 2011 se están elaborando anualmente os informes de seguimento relativos ao curso anterior. Na Universidade de Vigo estes informes son avaliados ben pola ACSUG (cursos 2010-11 e 2011-12), ou ben por avaliadores internos (2012-13 e 2013-14), seguindo criterios análogos. Dos catro informes o primeiro foi Non Conforme, o segundo Conforme, o terceiro Non Conforme e o cuarto Conforme.

Na elaboración dos autoinformes sempre se teñen en conta as apreciacións realizadas polas avaliacións, así como se presta especial atención o Plan de Acción de Melloras, nunha política asumida pola Comisión de Calidade de mellora continua e de progresiva aplicación dos procesos e do manual de Calidade.

Subíronse a plataforma os mencionados informes de seguimento, así como os das conseguintes

avaliacións, xunto coas alegacións aprobadas nos organismos pertinentes (Comisión de Calidade e Xunta de Facultade) das alegacións elaboradas en resposta a avaliación do curso 2012-13 (ANEXO 7).

- Seguimento dos planes de mellora

Nos informes de Seguimento inclúense os respectivos Plans de Acción de Mellora (PAM) estruturados por criterios e coas datas aproximadas de execución. No informe do curso seguinte, se completan as actuacións realizadas con respecto ao anterior. Como novidade, no último informe (curso 2014-15) a Área de Calidade propuxo unha serie de transformacións no informe de seguimento que simplificaron a súa elaboración. Tamén se levou a cabo un cambio de formato no PAM, cuxas actuacións recollíanse nun formato excel. No noso caso incluímos nese formato todas as actuacións, realizadas e pendentes coa finalidade de ter un documento histórico de todas as actuacións executadas e previstas dende o curso 2011-12. En xeral comprobamos con satisfacción que un elevado número de propostas están xa executadas, tal e como consta no documento mencionado.

Entre as propostas do PAM para desenvolver no presente curso (ANEXO 8) figuran melloras relativas á Calidade, incrementar e mellorar os recursos materiais e a información pública e melloras na planificación docente e nos mecanismos de captación de novo estudantado.

6. Retroalimentación dos grupos de interese

- Queixas, suxestións e parabéns (QSP)

Durante o curso 2014-15 a Área de Calidade da UVigo implantou un novo sistema de Queixas, suxestións e parabéns (QSP) de carácter centralizado a través da web institucional, que se activou para centros e departamentos a principios do 2015. Previamente a esta data o sistema que utilizabamos no centro establecíase a través do respectivo procedemento polo cal a comunidade presentaba as súas demandas a través dun impreso accesible tanto na web do centro, como no decanato. Na medida en que se trata dun centro de reducidas dimensións, o contacto entre o estudantado e o equipo decanal é moi fluído polo que moitas das incidencias resólvense directamente, chegando a acordos entre as partes implicadas. O novo sistema resulta axeitado pola facilidade que ofrece aos usuarios e usuarias procedentes dos diversos colectivos da comunidade universitaria, con distintas posibilidades, incluída o anonimato. O servizo central remite a QSP ao centro en cuestión que, unha vez recibida, debe elaborar unha resposta nun prazo determinado. Este curso, durante as sesións de acollida de todos os estudantes do centro, a responsable deste sistema explicou ao estudantado o seu funcionamento na procura dun incremento do seu uso, ata o momento aínda escaso. O remate do curso a Unidade de Estudos e Programas remitiu un informe de síntese das QSP que permitiu unha valoración global das mesmas. Como pode observarse o

número de incidencias foi mínimo (unha no grao e outra no mestrado) e foron resoltas en tempo e forma (ANEXO 9).

Xunto a esta innovación, no curso pasado rexistráronse outras demandas por distintas canles:

1.º A decana mantivo reunións periódicas (unha por trimestre) cos delegados e delegadas de curso coa finalidade de recoller as súas impresións sobre os aspectos máis salientables no decorrer do curso académico. As súas suxestións foron valoradas positivamente e, en caso contrario, debatidas nos organismos pertinentes.

2.º A iniciativa da Delegación de Estudantes tramitouse tan so unha queixa no decanato relativa a un problema cunha docente que foi resolta poñendo de acordo ás partes implicadas.

7. Estado das accións correctivas e preventivas

- Estado das accións correctivas e preventivas, cando corresponda.

8. Seguimento e control de la estratexia

- Seguimento e control da estratexia (cando exista)

Na actualidade a facultade de Historia non ten elaborado un plan estratéxico relativo á Calidade, xa que consideramos que hai asuntos que se deben resolver previamente á súa implantación e que se relacionan directamente coa aplicación máis normalizada da Calidade, como de feito é unha maior implicación da Comisión de Calidade e unha maior aceptación da mesma por parte de todos os sectores que integran a comunidade do Centro.

III. ACCIÓNS DE MELLORA DO SISTEMA DE GARANTÍA / XESTIÓN DE CALIDADE

Logo da análise dos datos e resultados recollidos nos apartados anteriores, a dirección acorda establecer as seguintes accións que se recollen no Plan de Acción de Melloras proposto no curso 2014-15 que inclúe as accións, os prazos, a responsabilidade (aplicación e seguimento), os recursos, as datas e os indicadores de execución:

1. Propor nos organismos pertinentes (Xunta de Centro e Comisión de Calidade) a acreditación do SIGC para o curso 2017-2018, coincidindo co proceso de acreditación do Grao en Xeografía e Historia.
2. Activar a participación da Comisión de Calidade en distintos ámbitos. Regulamentar a periodicidade das xuntanzas cun intervalo dun mes para fomentar o interese no debate construtivo sobre as accións a implementar e deste xeito incrementar o coñecemento dos membros sobre os aspectos relativos a Calidade, especialmente aqueles que se refiren aos sistemas de certificación e acreditación. A idea

última é transmitir os valores positivos das accións de Calidade no centro e nos seus títulos. Outra medida é axustar as posibilidades de dedicación e colaboración dos integrantes externos ao traballo que se precisa desenvolver e, no seu caso, a súa substitución por outro con maior dispoñibilidade temporal.

3. Propor a realización de accións formativas (cursos e charlas divulgativas para todos os axentes implicados no desenvolvemento da calidade) relacionadas coa difusión da Calidade coa finalidade de incrementar o interese polas accións relacionadas co seu desenvolvemento.

4. Manter ao día o Calendario de actuacións de procesos e procedementos elaborado pola Área de Calidade da UVigo.

5. Animar aos distintos sectores da comunidade a utilizar con normalidade o sistema de QSP.

6. Implementar, na medida do posible, as accións de mellora que se propoñen no PAM.

7. Implementar un sistema de enquisas máis operativo para analizar a inserción laboral dos/as egresados/as.

IV. CONCLUSIONES

➤ Mellora e eficacia do sistema

A UVigo, través da área específica, está levando a cabo un importante proceso de simplificación das accións relativas ao sistema de Calidade, que redunda dun xeito beneficioso no traballo de Coordinación de Calidade dos seus centros. Nesta simplificación solicítase a colaboración dos mesmos e a opinión derivada da experiencia acadada.

A facultade de Historia tamén está a participar neste proceso asumindo e actualizando os diversos procesos correspondentes ao ámbito da Calidade.

➤ Identificación de dificultades relevantes na xestión da calidade

Se ben o traballo, coas comentadas reformas, resulta máis abarcable, a ausencia na facultade de Historia dun vicedecanato específico aínda segue a provocar unha excesiva sobrecarga no equipo decanal, que non pode ser ampliado porque o número dos seus integrantes deriva directamente do número de estudantes do centro.

Outra demanda bastante recorrente entre as persoas que se dedican á Calidade nos centros da UVigo, que asumimos como propia, é a necesidade de incrementar a súa desgravación docente, debido á inxente cantidade de tempo que se precisa para levar a cabo todas e cada unha das actuacións relacionadas coa Calidade.

➤ Necesidades de recursos

Tamén sería convinte que o equipo reitoral chegase a un acordo nas negociacións sobre a RPT do PAS que, segundo nos veñen anunciando dende o seus comezos, aliviaría a carga burocrática que resolvemos dende a coordinación da Calidade dos centros, mellorando así a eficacia do sistema.

O recurso aos/as bolseiros/as de Calidade que soen cambiar cada curso non é en absoluto operativo, xa que se precisa un tempo importante para a súa formación e cando están suficientemente formados/as, remata o período da bolsa.

V. ANEXOS

- Anexo 1: Listado de participantes
- Anexo 2: Listado de procedementos
- Anexo 3: PAM histórico 2011-2014
- Anexo 4: Política e obxectivos de Calidade
- Anexo 5: Acta da Xunta de Facultade 13-02-2015
- Anexo 6: Resultados das enquisas de satisfacción 2014-2015
- Anexo 7: Informes Finais de Seguimento 2010-2014
- Anexo 8: PAM do curso 2014-2015
- Anexo 9: Resumo das qsp
- Anexo 10: Índice de satisfacción das Prácticas do grao
- Anexo 11: Índice de satisfacción das Prácticas do mestrado
- Anexo 12: Erasmus alleos 2015-2016
- Anexo 13: Erasmus propios 2015-2016
- Anexo 14: Estadantes Sicúe histórico
- Anexo 15: Cursos de formación do PAS
- Anexo 16: Gráfico do profesorado por categorías cursos 2013-2014 e 2014-2015
- Anexo 17: Gráfico sexenios PDI 2013-2014 e 2014-2015.

Estes anexos están subidos á plataforma do procedemento DE 03 P1